

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Publicacións

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Allá em Riba un Rey Tinha una Filha

Título: Allá em Riba un Rey Tinha una Filha. Galego e Castelhana no Romanceiro da Galiza.

Editorial: Difusora das Letras, Artes e Ideas, S.L.

Ano de publicación: 2004.

Lugar de publicación: Ourense.

ISBN: 84-933176-9-1

Autor: José Luís FORNEIRO.

Descrición: 192 páx.

[Da prentación editorial]

O brillante ensaio sobre as interferencias lingüísticas no romanceiro na Galiza serve a J. L. Forneiro para reflectir sobre lugares comuns asumidos como certos na realidade lingüística galega na historia. Ao mesmo tempo, regista e documenta toda una serie de usos do galego habitualmente considerados como propios unicamente do portugués.

O discurso cultural da Galiza contemporánea construíu-se sobre bases até agora inquestionáveis, como considerar que a diferença lingüística acompaña sempre a existencia dumha cultura distinta, ou supor que o mundo rural galego estivo libre de influencias externas até datas mui recentes. Umha vítima desta

simplificação ideológica é o romanceiro tradicional, género literário nascido na Castela medieval e logo adoptado polos outros povos ibero-románicos, que o adaptárom conforme às suas realidades, entre elas a lingüística. Assi, enquanto hoje o romanceiro é transmitido em português em Portugal, a língua castelhana ainda está presente nos romances da Catalunha e, sobretudo, da Galiza, onde se mistura com os idiomas autóctones.

